

MEDIDAS PREVENCIÓN COVID-19

ASEMBLEA ORDINARIA FGBM 2020

1

CONFIRMACIÓN PREVIA DE ASISTENCIA.

Rógase a todos/as os asembleístas que informen se asistirán ou non á asemblea antes do mércores 1 de xullo ás 13:30 horas. De asistir, rogamos se indique o nome e apelidos da persoa que asistirá, para levar un control de todos/as os/as que vaian acceder ao edificio e distribuír correctamente os espazos. A confirmación pode realizarse vía mail a: info@fgbalonman.com ou por vía telefónica chamando de 9:30 a 13:30 horas ao 986 41 06 18.

2

ASISTENCIA DUN ÚNICO/A REPRESENTANTE POR CLUB.

A esta Asembleam en principio non poderá asistir máis dunha persoa por club, xa que doutro modo non poderíamos garantir a distancia interpersoal de seguridade. Para casos de necesidades especiais, consultar posibilidades vía telefónica.

3

AUTOCHEQUEO PREVIO AO DESPRAZAMENTO.

Recoméndase que os/as asistentes, antes de saír da casa comprobén se teñen febre, tos seca ou sensación de cansancio inusual; de padecer algún destes síntomas ou algún outro que sexa sospeitoso de ter relación coa COVID-19; por favor que informen e non acudan á asemblea.

4

MÁSCARA E MEDIDAS DE PREVENCIÓN NO EDIFICIO.

Todo o mundo debe asistir con máscara.

Ao acceder ao edificio o persoal da FGBM tomará a temperatura e solicitará o teléfono a todos/as os/as asistentes.

Informarase dos puntos nos que hai xel hidroalcohólico e bebida á disposición dos/as asistentes.

Recoméndase evitar entradas e saídas en masa, mellor esperar uns minutos e manter a distancia interpersoal de seguridade.

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

